



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000027

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día once de agosto de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste excusando a súa asistencia don Alejandro Antonio García Sousa, para celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro, e aberta a sesión pola Presidencia, celebrase a sesión co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 04.08.222 (ORDINARIA).

O sr. alcalde pregúntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión dita queda aprobada sen nengunha obxección pola Xunta de Goberno Local (en votación ordinaria e votos favorables dos asisentes á sesión).

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2022/30.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente (2022/X999/000091).

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/30 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de DEZANOVE MIL CINCOCENTOS SESENTA E CATRO EUROS CON SETE CÉNTIMOS (19.564,07 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/30 por importe bruto de 19.564,07 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión prestou a súa aprobación á anterior proposta de Alcaldía.

3º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2022/31 (OFI).-

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000092

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 7/2022

PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:

Resultando que por parte da Intervención Municipal emitiuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 7/2022 (SMP 12/2022) con data 09/08/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
Alcaldía	2022	1621 22799	Fcc Medio Ambiente, S. A.	24.317,90 €
			Fcc Medio Ambiente, S. A.	8.145,59 €
Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza xurídica		
Recollida e transporte de _RSU durante o mes de XULLO	Data das facturas 31/07/2022	Contrato de servizos		
Reforzo en turno de tarde				

para recollida de RSU durante o mes de xullo		
---	--	--

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 09/08/2022 o seguinte:

“(…)

- PRIMEIRO.- En data 09/08/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 7/2022.
- SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación das facturas núm. 22SM1590/1000215 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 24.317,90 € e a factura núm. 22SM1590/1000216 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 8.145,59 €, incluída na relación de facturas F/2022/31 non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

As presentes facturas foron conformadas polo Concelleiro Delegado de área tras comprobar que o servizo fora prestado efectivamente e o expresado na factura correspóndese en servizo e prezo co pactado.

Con data 25/03/2011 FCC- FOMENTO de construcciones y contratas S.A. asinou un contrato de xestión de servizo público co Concello de Valdoviño, na modalidade de concesión. O prazo do contrato establécese en oito anos dende a sinatura do contrato, polo tanto o prazo rematou en 2019. Atopámonos ante un servizo continuado no tempo e que non poden deixar de prestarse por ser necesarios e imprescindibles para poder cumprir co normal funcionamento desta Administración. Exposto o anterior e a clara necesidade de prestación deste servizo cómpre proceder á licitación ao tratarse dunha necesidade estrutural continuada no tempo, o que ademáis pode revertir nunha mellora do prezo por baixas nas ofertas das empresas interesadas en formar parte do procedemento de contratación.

- TERCEIRA.- Tal e como consta na comunicación de Omisión da Función Interventora 7/2022 remitida a esta Alcaldía, en relación coas facturas núm. 22SM1590/1000215 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 24.317,90 € e a factura núm. 22SM1590/1000216 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 8.145,59 €, incluída na relación de facturas F/2022/31, do que deriva que non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

A Alcaldía si tivo constancia da factura, e si constatou a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado.

- CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)"

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación das facturas núm. 22SM1590/1000215 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 24.317,90 € e a factura núm. 22SM1590/1000216 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 8.145,59 €, incluída na relación de facturas F/2022/31, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a prestación do servizo mediante as facturas núm. 22SM1590/1000215 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 24.317,90 € e a factura núm. 22SM1590/1000216 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 8.145,59 € conformadas polo Concelleiro delegada de área e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a relación de facturas nº F/2022/31 integrada por facturas núm. 22SM1590/1000215 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 24.317,90 € e a factura núm. 22SM1590/1000216 de 31/07/2022 emitida por FCC MEDIO AMBIENTE, S. A. por importe de 8.145,59 € (nº rexistro das facturas en contabilidade 2022/1913 e 2022/1914 de 31/07/2022)

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández
Alcalde do Concello de Valdoviño”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.

4º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL DA OBRA: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NO ACCESO AO ARIÑO (PANTÍN).-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva da Obra MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A O ARIÑO (PANTIN) con código de expediente 2019000029335 da Convocatoria (POS+AD2- OBRASSUM/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

“Visto o Informe favorable emitido pola Tesourería municipal referido a devolución do aval bancario depositado polo contratista SYR-AMG S.L. con C.I.F. núm. B15938780 en garantía da obra MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A O ARIÑO (PANTIN) con código de expediente 2019000029335 da Convocatoria (POS+AD2- OBRASSUM/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

Tendo en consideración os apartados 37 e 38 do Prego-Tipo de Cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con único criterio de adxudicación, factor prezo) das obras comprendidas nos planes provinciais e outras obras provincias, aplicable a obra MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A O ARIÑO (PANTIN) con código de expediente 2019000029335 da Convocatoria (POS+AD2-OBRASSUM/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019.

Comprobada que a obriga garantida cumpre a satisfacción do Concello de Valdoviño, de tal maneira que non existe responsabilidades que se poidan esixir contra o contratista SYR-AMG

S.L. con C.I.F. núm. B15938780 en garantía da obra MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A O ARIÑO (PANTIN).

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPONSE

Devolver o aval bancario núm. 320200000450 datado o 2 de outubro do 2020 por importe de CINCO MIL DOUS CENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (5.251,36 €) en garantía da obra MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ACCESO A O ARIÑO (PANTIN) con código de expediente 2019000029335 da Convocatoria (POS+AD2-OBRASSUM/2019) Plan de Obras e Servizos (Plan Adicional 2) Anualidade 2019 para o financiamento de obras da Excma. Deputación de A Coruña.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, prestou aprobación á anterior proposta de Alcaldía.

FÓRA DA ORDE DO DIA

O sr alcalde presenta por via de urxenza expedientes do negociado de obras e urbanismo, porque visto que están preparados os informes e as propostas considera convinte non retardar a súa resolución. A Xunta de Goberno Local, ratifica a urxenza incluíndo así fóra da orde do día o seguinte asunto:

.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.-Licenza de primeira ocupación.-

Expte. 01/2017.- [REDACTED] Para licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] e que se corresponde co expediente de obras 55/2015, licenza concedida en Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2015.

Visto o informe do arquitecto municipal de 09 de agosto de 2022 no que se conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa favorable a licenza de 1ª ocupación.

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder ao petionario [REDACTED] a licenza de 1ª ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2022, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicarásalle a liquidación (taxa) por expedición de licenza de 1ª ocupación, por importe de 75,20 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dése traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 09 de agosto de 2022.
O alcalde, Asinado.- Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.

.- Expte de obra maior.- Acordo para comezo das obras.

Expte. núm. 251/2021.- [REDACTED] - Aporta proxecto de execución redatado e elaborado polo arquitecto Dº Ramón Montero Cereiño, en relación ás obras de construción de vivenda unifamiliar na rúa [REDACTED] Parroquia de Valdoivño. Licenza concedida en Xunta de Goberno Local de data 17 de febreiro de 2022, no que como condición expresa da licenza se impoñía a obriga de non comezar as obras en tanto que non se aportase ao expediente proxecto de execución, nomeamento de arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo devandito colexio e estudo básico de seguridade e saúde visado.

E visto que a documentación se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 09 de agosto de 2022,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada, podendo dar comezo ás obras incluída na licenza correspondente ao expte. 251/2021.

Segundo.- Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución varía con respecto ao do proxecto básico cun aumento do orzamento de execución material de 75.997,82€, **deberá xirar unha liquidación complementaria no imposto sobre construcións, instalacións e obras de 1.747,95€ e unha liquidación complementaria das taxas de 379,99€.**

En Valdoviño, 09 de agosto de 2022.
O alcalde, Asinado.- Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, prestou aprobación á proposta de Alcaldía que antecede.

.- Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 58/2022.- [REDACTED] - Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada na parcela situada [REDACTED], en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA (e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polas arquitectas Natalia Vidal Soliño e Vanesa Rey Docal.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 8 de agosto de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza de construción de vivenda unifamiliar no lugar de [REDACTED] Licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada polas arquitectas Natalia Vidal Soliño e Vanesa Rey Docal e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 08 de agosto de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

As obras non poderán ser iniciadas en tanto non se notifique, por parte do Concello, o visto bo da seguinte documentación a aportar:

- * Proxecto de execución, visado
- * Nomeamento do arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra nun modelo homologado por dito colexio.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 892,22 €. ICIO.- 4.104,21 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

O prazo de iniciación das obras no poderá exceder os 6 meses (polo tanto, no caso de ter que adxuntar proxecto de execución, este deberá ser informado por parte do Concello antes do remate do prazo anterior), e o de terminación os tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as mesmas por tempo superior a seis meses.

Valdoviño, 10 de agosto de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión acordou a concesión da licenza no expte de obras 58/2022, nos términos expostos na anterior proposta de Alcaldía.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/